



Revista Galega de Economía

ISSN: 1132-2799

mcarmen.guisan@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela
España

González Laxe, Fernando; Martín Bermúdez, Federico; Martín Palmero, Federico
Deficiencias estruturais, emigración interrexional e fuga de cerebros: o caso de Galicia
Revista Galega de Economía, vol. 22, núm. 2, diciembre, 2013, pp. 9-30
Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Dispoñible en: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=39129564001>

- Como citar este documento
- Número completo
- Máis artigo
- Revista Home en redalyc.org

redalyc.org

Sistema de Información Científica
Rede de Revistas Científicas de América Latina, Caribe, España e Portugal
Proxecto sen ánimo de lucro Académico, desenvolvido por iniciativa Acceso Aberto

DEFICIENCIAS ESTRUCTURAIS, EMIGRACIÓN INTERREXIONAL E FUGA DE CEREBROS: O CASO DE GALICIA¹

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE / FEDERICO MARTÍN BERMÚDEZ / FEDERICO MARTÍN PALMERO
Universidade da Coruña

RECIBIDO: 9 de xaneiro de 2012 / ACEPTADO: 7 de maio de 2012

Resumo: A mobilidade do factor traballo é, especialmente nesta etapa de globalización económica, un aspecto positivo que promove a competitividade. Non obstante, é tamén un elemento que pode determinar a existencia de deficiencias estruturais nas rexións ou nos países de orixe dos emigrantes. Galicia é unha Comunidade cunha ampla traxectoria na expulsión de man de obra. Nos anos finais do pasado século empezan a detectarse evidencias de que en Galicia se está a producir unha nova emigración. O obxecto desta investigación é cuantificar estes movementos de man de obra e verificar cales son as causas da moderna terceira emigración en Galicia.

Palabras clave: Economía rexional / Mobilidade da man de obra / Mercado de traballo rexional / Migracións / Galicia.

Structural Deficiencies, Regional Migrations and Brain Drain: The Galician Case

Abstract: Mobility as a factor of labour is, especially in this stage of economic globalization, a positive aspect that permits the promotion of competitiveness. However, it is also an element that can determine the existence of structural deficiencies in the regions or countries of origin of the emigrants. Galicia is a community with extensive experience in the expulsion of manpower. In the first decade of the XXI century, signs and empirical evidence have started to be detected that in Galicia a wave of what can be qualified as new emigration is being produced. The object of this research is to quantify those movements of manpower, to verify the causes of the modern third emigration from Galicia.

Keywords: Regional economy / Geographic labour mobility / Regional labour markets / Regional migration / Galicia.

1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

Galicia é unha rexión con abundante experiencia na expulsión de man de obra cara a outras rexións ou países. Son coñecidas e estudadas amplamente as dúas correntes migratorias emprendidas pola poboación galega durante o pasado século XX: a primeira delas, principalmente transoceánica, na primeira metade da centuria; e a segunda, a partir dos anos cincuenta dese século, cara aos países europeos máis desenvolvidos. As causas son bastante comúns: a lentísima evolución en Galicia dunha sociedade agraria a outra industrial e de servizos incapaz de absorber excedentes de man de obra do sector primario.

¹ Esta investigación foi presentada como relatorio ao *51st European Congress of the Regional Science Association International* (ERSA), que tivo lugar en Barcelona entre o 30 de agosto e o 3 de setembro de 2011. O Comité Científico do Congreso outorgoulle a máxima categoría, cualificándoa para a súa presentación nunha Special S –Sesión de Migracións Interrexionais–.

Actualmente empezan a coñecerse datos de que a finais do século XX e a comezos do presente se albisca un fenómeno migratorio igual en esencia, pero distinto no fondo: a economía galega segue expulsando recursos humanos cara a fóra das súas fronteiras, pero resulta diferente porque na súa inmensa maioría (a diferenza de épocas anteriores en que a man de obra estaba escasamente formada) ese fluxo migratorio está formado en xeral por persoas particularmente novas, cada vez máis cualificadas, e que emigran non xa a Europa e América, senón na súa maioría ao resto de España. Este fenómeno, aínda que percibido socialmente, está pouco estudado e cuantificado na actualidade.

En consecuencia, o obxectivo desta investigación é, a través dos datos, analizar e fundamentar as causas da que podería denominarse *terceira emigración* en Galicia e cuantificar a súa importancia.

2. HIPÓTESE DE PARTIDA

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que as decisións das persoas sobre a formación que van recibir son fundamentais nas expectativas económicas de futuro. De forma colectiva, as sociedades alcanzan maior benestar e crecemento cunha oferta de traballo cualificada. De forma individual tradúcese no feito de que as ganancias esperadas nun futuro polos individuos máis formados deberían ser máis altas comparativamente que as das persoas menos formadas. Polo tanto, ademais do interese social pola formación (maximización do benestar colectivo), existe un interese particular dos individuos (maximización da utilidade individual) baseado nunha decisión matemática: unha persoa decidirá formarse –ademais da propia capacitación humana e de coñecemento como desexo individual– se os beneficios futuros esperados (a través das súas maiores ganancias futuras) compensan os custos directos da formación e os indirectos ou de oportunidade derivados das ganancias que poderían obterse nun traballo alternativo (menos cualificado) durante o período formativo.

En segundo termo, é evidente que, tras tomar a decisión de formarse, no futuro (unha vez rematado o mencionado período formativo) o individuo enfrontarase a un mercado de traballo espacialmente inmediato que, estima, cubrirá as expectativas da súa oferta laboral cualificada tanto en salario coma en condicións de adecuación da demanda ás súas expectativas e formación. No caso contrario, é probable que opte pola busca de oportunidades en áreas máis afastadas da súa contorna co obxecto, en definitiva, de maximizar a función obxectivo dos beneficios futuros esperados acordes coa súa formación.

En consecuencia, establécense como *hipóteses para constatar* nesta investigación, entre outras, as seguintes (McConnell, Brue e Macpherson, 2003, pp. 340 e ss.): (H1); *“canto máis nova sexa unha persoa, en igualdade de circunstancias, é máis probable que emigre. En primeiro termo, as persoas novas consideran (de cara a maximizar o seu beneficio esperado) que unha diferenza salarial pequena é significativa ao longo da súa vida laboral. En segundo lugar, os custos de traslado son*

menores nas persoas novas. E por último, por tratarse de persoas con inferiores cargas familiares, teñen maior tendencia á mobilidade”; (H2): “canto maior é o nivel de estudos, máis posibilidades existen de que se emigre, pois é a consecuencia lóxica da necesidade de recuperar o investimento inicial en formación”; (H3): “a distancia, na actualidade, é un factor pouco determinante da emigración, sobre todo cando se refire a fenómenos interrexionais, xa que a mellora das infraestruturas de transporte implica unha maior tendencia á saída cara a rexións próximas (en tempo) dentro do Estado”; e (H4): “as taxas desemprego na comunidade de orixe son unha das razóns para a emigración. No caso de persoas formadas, a taxa de subemprego ou inadecuación da demanda a unha oferta de traballo cualificada é outro dos factores determinantes na decisión de emigrar”.

3. FONTES ESTATÍSTICAS, ASPECTOS METODOLÓXICOS E PROCEDENCIA DOS DATOS

As fontes de información tradicionais (censo, padrón) e as relativas a movementos migratorios facilitadas polo Instituto Nacional de Estatística (INE) non son suficientemente explicativas deste fenómeno, sobre todo cando a razón fundamental dos procesos migratorios se debe a razóns laborais: por tratarse de movementos en principio no curto prazo as persoas que se desprazan non soen efectuar cambios de residencia declarados explicitamente, o que leva consigo o mantemento do seu domicilio habitual no lugar de orixe.

Para esta investigación empregáronse dúas fontes de información básicas: en primeiro lugar, e para os primeiros anos obxecto de estudo (ata o ano 2003), utilizáronse os datos procedentes dos estudos e datos básicos de mobilidade do Instituto Nacional de Emprego (INEM), organismo dependente do Ministerio de Traballo e Emigración español. En segundo lugar, a partir do ano 2002, o Observatorio Ocupacional de Galicia (dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia) desenvolveu unha base de datos rexional que contén os informes de mobilidade ata o ano 2010 cos datos básicos extraídos das estatísticas do INEM e cunha metodoloxía homoxénea, o que permite unha análise coherente da evolución das variables tratadas².

4. ANÁLISE DE RESULTADOS

A partir das fontes estatísticas citadas, é posible establecer unha pauta de análise detallada dos datos encamiñada á verificación ou non das hipóteses de partida.

² Queremos agradecerlle a María José Cortés Jiménez, xefa de Servizo do Observatorio Ocupacional de Galicia, as súas orientacións e aclaracións sobre o contido das bases de datos do dito Observatorio e o seu tratamento.

4.1. OS PRIMEIROS INDICIOS

Unha primeira aproximación á problemática pode facerse a través dunha combinación de datos das dúas fontes estatísticas tratadas. Na táboa 1 recóllese a evolución do número de contratos realizados a inscritos nas oficinas de emprego de Galicia fóra desta Comunidade. Pode apreciarse que na primeira década do século XXI foron máis de 658.000 os contratos que se efectuaron, cunha evolución practicamente crecente desde o ano 2000 ata o 2006. A partir do ano 2007, e coincidindo coa crise global, obsérvase unha diminución dos contratos, baixada que se fai máis intensa nos dous últimos anos da década.

A importancia destas cifras achega unha primeira idea da transcendencia que parece ter este fenómeno. Os datos detallados relativos aos movementos de man de obra entre Galicia e o resto do Estado, que se presentan na táboa 2 para o período 2003-2010, son suficientemente explicativos: entre eses anos foron contratados fóra de Galicia 315.155 galegos e entraron nesta rexión 186.469, o que determina un saldo neto de expulsión de man de obra de 128.686 persoas. Pode apreciarse que os saldos negativos nesta particular balanza do emprego son constantes ao longo de todos os anos, con especial relevancia no trienio 2005-2007.

Táboa 1.- Mobilidade interrexional. Número de contratos realizados a galegos fóra de Galicia, 2000-2010

Anos	Contratos
2000	54.852
2001	59.293
2002	56.327
2003	59.706
2004	65.673
2005	70.649
2006	74.792
2007	73.608
2008	60.544
2009	41.705
2010	41.179
TOTAL	658.328

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Trabajo e do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

Táboa 2.- Mobilidade interrexional. Saldo neto Galicia-Resto de España (en número de persoas contratadas). Valores absolutos 2003-2010

Anos	Entran	Saen	Saldo
2003	29.318	37.578	-8.260
2004	28.547	42.842	-14.295
2005	20.528	46.390	-25.862
2006	23.386	47.918	-24.532
2007	24.494	47.503	-23.009
2008	22.720	39.201	-16.481
2009	18.590	27.604	-9.014
2010	18.886	26.119	-7.233
TOTAL	186.469	315.155	-128.686

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Trabajo e do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

4.2. O PERFIL DOS NOVOS EMIGRANTES GALEGOS

A través do tratamento estatístico das bases de datos de mobilidade da man de obra para os distintos anos pódese analizar detalladamente a tipoloxía dos traballadores galegos contratados no resto de España, tanto no que se refire ás súas cir-

cunstancias persoais (idade, sexo ou capacitación, entre outras) como polo que respecta ás características específicas dos seus destinos (por exemplo, o sector económico de destino, a ocupación que desenvolven ou a área especial onde foron contratados)³.

4.2.1. Idade e xénero

Na táboa 3 preséntanse os datos relativos ao perfil dos emigrantes clasificados por estas variables. Polo que se refire á primeira delas, a oferta de traballo de Galicia que se despraza ao resto do Estado para traballar é excepcionalmente nova: un 46,7% do total ten menos de 29 anos e un 39% ten entre os 30 e os 44 anos. As porcentaxes relativas a idades superiores son pouco significativas (un 11,19% para aquelas persoas de idades comprendidas entre os 45 e os 54 anos e un 3,09% para os maiores de 55 anos).

Polo que respecta ao xénero, é palpable que a nova emigración é esencialmente masculina. En efecto, un 68,49% dos que saen traballar son homes, por un 31,51% que corresponde ao xénero feminino.

Se se analizan os datos cruzando ambas as dúas variables, poden apreciarse dous fenómenos. En primeiro lugar, que das mulleres emigrantes o que destaca é a súa xuventude, pois un 61,48% ten menos de 29 anos e un 32% ten entre os 30 e os 44 anos; e en segundo lugar, que o conxunto dos homes que se despraza para traballar fóra de Galicia presenta un perfil de idade superior: un 39,88% son menores de 29 anos e un 42% teñen entre os 30 e os 44 anos. A porcentaxe relativa aos maiores de 45 anos é, neste caso, bastante significativa (un 18% respecto dun 6,4% das mulleres).

Táboa 3.- Traballadores inscritos nas oficinas de emprego de Galicia contratados no resto de España clasificados por idade e sexo, 2003 -2010

Idade	Mulleres		Homes		Total	
	Total	%	Total	%	Total	%
≤29	61.045	61,48	86.096	39,88	147.141	46,69
30 a 44	31.843	32,07	91.166	42,23	123.009	39,03
45 a 54	5.255	5,29	30.017	13,91	35.272	11,19
≥55	1.148	1,16	8.585	3,98	9.733	3,09
TOTAL	99.291	100,00	215.864	100,00	315.155	100,00
%	31,51		68,49		100,00	

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Trabajo e do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

³ A necesidade de preservar o segredo estatístico fai posible que ao tratar aspectos da base de datos moi desagregados e proceder á súa agrupación se perdan algunhas posicións estatísticas. Non obstante, a súa incidencia sobre os datos agregados tradúcese en variacións de moi pouca importancia estatística.

4.2.2. Formación

Na táboa 4 poden observarse os datos relativos aos contratados fóra de Galicia de acordo co seu nivel formativo. A maior porcentaxe corresponde a aquelas persoas que posúen cando menos estudos de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO), e que ascende a un 36,74% (115.783 persoas). Hai que destacar que practicamente un 40% corresponde a contratados con estudos de formación profesional, bacharelato e universitarios. A cifra de emigrantes con estudos superiores é moi alta (un 12,56% do total e 39.581 persoas en termos absolutos), feito que merecerá unha análise máis profunda ao longo desta investigación. Por outra parte, só un 23,6% das persoas contratadas no exterior da Comunidade galega contaban con estudos primarios.

Táboa 4.- Traballadores inscritos nas oficinas de emprego de Galicia contratados no resto de España clasificados por nivel de estudos (valores absolutos), 2003-2010

Nivel de estudos	Saen	%
Primarios	74.384	23,60
Ensino secundario obrigatorio	115.783	36,74
Formación profesional	33.479	10,62
Bacharelato	51.928	16,48
Universitarios	39.581	12,56
TOTAL	315.155	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Trabajo e do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

4.2.3. Tipoloxía dos destinos. Sectores

Nas táboas 5 e 6 preséntanse os datos porcentuais (horizontais e verticais) segundo os sectores económicos de destino. Destes datos cómpre sinalar que un 4,73% se dirixiu ao sector primario e que un 9,09% o fixo cara ao sector industrial, mentres que o sector servizos acapara un 62,21% dos emigrantes. Non obstante, salienta o case 24% contratado no sector da construción, feito que reflicte claramente a particular conxuntura económica da economía española na década que se está a analizar.

A clasificación por xénero e idades apunta algunhas conclusións interesantes. Por un lado, a emigración feminina vai dirixida esencialmente ao sector servizos (89,30%), e é excepcionalmente nova (un 91% das mulleres de 29 ou menos anos son contratadas no sector terciario). Por outro lado, polo que respecta á poboación masculina, a distribución é bastante distinta: mentres que un 6,17% van ao sector primario e un 10,53% á industria, un 33,69% saen contratados cara ao sector da construción e un 49,61 cara aos servizos. Para este subconxunto, a distribución por idades é máis homoxénea.

No tocante á clasificación por porcentaxes verticais, a información da táboa 6 confirma a preeminencia da poboación emigrante masculina nos tres primeiros sectores. En efecto, do 4,73% do total que era contratado polo sector primario, un 89% son homes; do 9,09% que ía para a industria, érao un 79,09%; e un 95,93% dos que se dirixiron á construción. O sector servizos presenta unha salvidade importante na súa distribución por razón de xénero: da poboación total un 62,21% se contrataba no sector terciario, desa porcentaxe un 54,45% eran homes e un 45,55% mulleres.

Táboa 5.- Traballadores inscritos nas oficinas de emprego de Galicia contratados no resto de España clasificados por sector económico de destino (% horizontal), 2003-2010

Sexo	Idades	Primario	Industria	Construción	Servizos	Total
Mulleres	≤ 29 anos	1,27	5,19	2,54	91,00	100
	Entre 30 e 44 anos	1,94	7,46	3,79	86,81	100
	Entre 45 e 54 anos	3,32	5,77	4,11	86,79	100
	≥ 55 anos	4,17	5,86	5,29	84,68	100
	<i>Subtotal</i>	<i>1,64</i>	<i>5,99</i>	<i>3,07</i>	<i>89,30</i>	<i>100</i>
Homes	≤ 29 anos	3,82	10,15	30,48	55,55	100
	Entre 30 e 44 anos	6,77	11,08	34,62	47,54	100
	Entre 45 e 54 anos	11,23	9,62	38,99	40,16	100
	≥ 55 anos	6,93	11,75	38,83	42,50	100
	<i>Subtotal</i>	<i>6,17</i>	<i>10,53</i>	<i>33,69</i>	<i>49,61</i>	<i>100</i>
TOTAL		4,73	9,09	23,97	62,21	100

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

Táboa 6.- Traballadores inscritos nas oficinas de emprego de Galicia contratados no resto de España clasificados por sector económico de destino (% vertical), 2003-2010

Sexo	Idades	Primario	Industria	Construción	Servizos	Total
Mulleres	≤ 29 anos	5,12	10,88	2,02	27,86	19,05
	Entre 30 e 44 anos	4,34	8,69	1,67	14,77	10,59
	Entre 45 e 54 anos	1,19	1,08	0,29	2,37	1,70
	≥ 55 anos	0,35	0,26	0,09	0,54	0,40
	<i>Subtotal</i>	<i>11,00</i>	<i>20,91</i>	<i>4,07</i>	<i>45,55</i>	<i>31,73</i>
Homes	≤ 29 anos	22,40	30,95	35,26	24,76	27,73
	Entre 30 e 44 anos	41,13	35,06	41,55	21,98	28,77
	Entre 45 e 54 anos	21,49	9,58	14,73	5,85	9,06
	≥ 55 anos	3,97	3,50	4,39	1,85	2,71
	<i>Subtotal</i>	<i>89,00</i>	<i>79,09</i>	<i>95,93</i>	<i>54,45</i>	<i>68,27</i>
TOTAL		100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

4.2.4. Tipoloxía dos destinos. Ocupacións

Nas táboas 7 e 8 móstranse os datos en porcentaxes (horizontais e verticais) segundo as distintas categorías ocupacionais en que son contratados os emigran-

tes, de acordo coa sistemática da Clasificación Nacional do Instituto Nacional de Estatística.

Táboa 7.- Traballadores inscritos nas oficinas de emprego de Galicia contratados no resto de España clasificados en función da Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO⁴) segundo a ocupación de destino (% horizontal), 2003-2010

Sexo	Idades	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	Total
Mulleres	≤ 29 anos	0,11	0,82	9,98	16,59	18,44	36,31	0,37	1,29	1,19	14,90	100,00
	Entre 30 e 44 anos	0,09	1,30	13,68	16,09	17,08	27,12	0,56	1,94	1,69	20,44	100,00
	Entre 45 e 54 anos	0,13	0,90	8,45	8,28	11,13	27,90	0,98	3,28	2,73	36,25	100,00
	≥ 55 anos	0,22	1,21	7,95	7,84	11,37	26,93	1,10	4,08	3,09	36,20	100,00
	<i>Subtotal</i>	<i>0,11</i>	<i>0,98</i>	<i>11,07</i>	<i>15,92</i>	<i>17,56</i>	<i>32,85</i>	<i>0,48</i>	<i>1,64</i>	<i>1,46</i>	<i>18,00</i>	<i>100,00</i>
Homes	≤ 29 anos	0,12	0,50	6,50	10,85	6,72	15,26	1,79	23,74	8,23	26,28	100,00
	Entre 30 e 44 anos	0,08	1,25	7,46	12,15	4,38	10,72	3,63	29,60	12,58	18,15	100,00
	Entre 45 e 54 anos	0,04	0,93	3,69	10,67	1,77	7,99	6,17	35,47	18,27	14,99	100,00
	≥ 55 anos	0,00	1,24	5,32	13,05	2,74	8,07	2,82	37,39	15,19	14,17	100,00
	<i>Subtotal</i>	<i>0,09</i>	<i>0,89</i>	<i>6,50</i>	<i>11,45</i>	<i>4,97</i>	<i>12,19</i>	<i>3,15</i>	<i>28,16</i>	<i>11,57</i>	<i>21,03</i>	<i>100,00</i>
TOTAL		0,09	0,92	8,01	12,93	9,15	19,05	2,26	19,35	8,21	20,02	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

Táboa 8.- Traballadores inscritos nas oficinas de emprego de Galicia contratados no resto de España clasificados en función da Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO) segundo a ocupación de destino (% vertical), 2003-2010

Sexo	Idades	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	Total
Mulleres	≤ 29 anos	24,23	18,35	25,61	26,38	41,43	39,18	3,33	1,37	2,97	15,3	20,56
	Entre 30 e 44 anos	10,57	14,87	18,10	13,18	19,77	15,09	2,64	1,06	2,19	10,82	10,60
	Entre 45 e 54 anos	2,20	1,63	1,76	1,07	2,03	2,45	0,72	0,28	0,55	3,02	1,67
	≥ 55 anos	0,88	0,50	0,38	0,23	0,47	0,53	0,18	0,08	0,14	0,68	0,38
	<i>Subtotal</i>	<i>37,89</i>	<i>35,40</i>	<i>45,85</i>	<i>40,87</i>	<i>63,73</i>	<i>57,26</i>	<i>6,99</i>	<i>2,81</i>	<i>5,90</i>	<i>29,85</i>	<i>33,21</i>
Homes	≤ 29 anos	34,80	15,28	22,84	23,62	20,66	22,55	22,32	34,54	28,24	36,95	28,15
	Entre 30 e 44 anos	23,79	37,48	25,76	26,01	13,24	15,59	44,50	42,35	42,44	25,1	27,69
	Entre 45 e 54 anos	3,52	8,50	3,89	6,97	1,63	3,54	23,06	15,48	18,80	6,32	8,44
	≥ 55 anos	0,00	3,35	1,66	2,52	0,75	1,06	3,12	4,83	4,63	1,77	2,50
	<i>Subtotal</i>	<i>62,11</i>	<i>64,60</i>	<i>54,15</i>	<i>59,13</i>	<i>36,27</i>	<i>42,74</i>	<i>93,01</i>	<i>97,19</i>	<i>94,10</i>	<i>70,15</i>	<i>66,79</i>
TOTAL		0,09	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

4 A Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO) a que se refiren as táboas é a seguinte: 0-Forzas Armadas; 1-Dirección das empresas e das Administracións Públicas; 2-Técnicos e profesionais científicos e intelectuais; 3-Técnicos e profesionais de apoio; 4-Empregados de tipo administrativo; 5-Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios; 6-Traballadores cualificados na agricultura e na pesca; 7-Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, etcétera; 8-Operadores de instalacións e maquinaria, montadores, etcétera; 9-Traballadores non cualificados.

Polo que respecta ás porcentaxes por ocupacións, destacan particularmente varios aspectos: un 20,02% dos emigrados clasifícanse como *non cualificados* nos datos estatísticos. Non obstante, hai que sinalar que a categoría de *técnicos, científicos e intelectuais* representa un 8,01% dos contratados; *técnicos e profesionais de apoio* representan un 12,93%; *artesáns e traballadores cualificados*, un 19,35%; e *operadores de instalacións, maquinaria, etcétera*, un 8,21%. En definitiva, preto dun 60% dos contratados presenta un grao de cualificación representativo. Cómpre destacar en relación cos sexos que a presenza feminina é maior na categoría de *traballadores de servizos de restauración e comercio*, pero tamén salientable na de *técnicos e científicos*, por riba dos valores porcentuais da poboación masculina.

En relación coas porcentaxes horizontais (táboa 8), podean sinalarse algunhas cuestións interesantes. A contratación de homes é superior en todas as categorías con dúas excepcións: por un lado, a presenza feminina é máis ampla na categoría de *traballadores de tipo administrativo* (63,73%) e en *servizos de restauración e comerciais* (57,26%), onde, ademais, as maiores porcentaxes de mulleres son novas; por outro lado, a presenza masculina é practicamente absoluta nas categorías profesionais de *traballadores cualificados da pesca e da agricultura*, *artesáns e traballadores cualificados de industrias manufactureiras* e *operadores de maquinaria e instalacións*. Unha cuestión final que cómpre salientar é que a maioría dos *traballos non cualificados* (70,15%) son ocupados por homes.

4.2.5. Tipoloxía dos destinos. Comunidades autónomas

Co obxecto de verificar coherentemente as hipóteses de partida é importante segmentar espacialmente os destinos dos novos emigrantes segundo a rexión de destino (táboa 9).

Táboa 9.- Traballadores inscritos nas oficinas de emprego de Galicia contratados no resto de España clasificados segundo a comunidade autónoma de destino, 2003-2010

Comunidade autónoma	Total	%
Andalucía	17.709	5,62
Aragón	8.131	2,58
Asturias	15.947	5,06
Canarias	32.152	10,20
Castela e León	25.005	7,93
Cataluña	38.172	12,11
Madrid	70.601	22,40
Navarra	4.737	1,50
País Vasco	16.480	5,23
Resto das comunidades	86.221	27,36
TOTAL	315.155	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

Debe destacarse principalmente a atracción da Comunidade de Madrid, que absorbe o 22,40% dos contratos (70.601 persoas). Séguena en importancia Cataluña cun 12,11%, e Canarias cunha porcentaxe dun 10,2%. Nunha análise detallada dos datos, esta última porcentaxe explícase baseándose nunha emigración sustentada fundamentalmente en servizos de restauración e hostalaría e, por riba de todos, na construción. Tamén resulta salientable a atracción de comunidades autónomas como Castela e León (7,93%) e Asturias (5,06%) onde, sen dúbida, a proximidade é unha circunstancia que cómpre ter en conta.

4.3. AS CONDICIÓNS DE TRABALLO EN ORIXE

Segundo se estableceu nas hipóteses de partida, resulta evidente que as condicións da economía galega reflectidas na estrutura do seu mercado de traballo e as súas características diferenciais co resto do Estado deberían ser determinantes da decisión de emigrar. Para verificar estes extremos analízanse a continuación algúns aspectos cuantitativos (diferenzas salariais, tipoloxías contractuais e xornadas de traballo) e cualitativos (medios de acceso ao traballo e satisfacción con este).

4.3.1. Salarios, contratos e xornada de traballo

Na táboa 10 preséntase a evolución das diferenzas de custos salariais entre os anos 2000 e 2008 nas distintas comunidades autónomas do Estado español.

Táboa 10.- Custo salarial por traballador por comunidades autónomas. Datos porcentuais, 2000-2008

Comunidade autónoma	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Andalucía	91,12	90,74	91,46	90,87	89,77	88,86	89,60	89,37	90,18
Aragón	97,53	98,34	98,54	98,33	97,07	97,66	99,15	100,44	99,30
Asturias	98,26	97,86	97,71	99,18	98,97	98,70	98,12	99,13	99,32
Baleares	88,80	89,19	89,43	90,52	92,61	93,60	94,02	94,67	94,40
Canarias	85,40	83,07	83,77	82,23	82,66	82,95	82,25	83,40	83,95
Cantabria	92,84	92,03	91,35	91,78	92,98	92,41	92,16	92,28	91,30
Castela e León	93,22	93,37	92,88	91,99	91,72	92,32	91,20	91,89	92,42
Castela-A Mancha	85,90	84,84	84,13	85,51	85,40	86,47	89,29	87,97	88,15
Cataluña	105,32	105,91	106,74	107,06	107,93	107,61	107,60	107,98	107,19
Comunidade Valenciana	88,93	90,19	88,59	89,12	88,79	88,96	89,12	88,62	89,06
Estremadura	81,70	81,88	81,20	81,81	80,56	80,34	80,44	81,18	82,12
Galicia	86,75	87,33	87,14	85,90	84,82	84,48	85,41	85,67	85,03
Madrid	120,24	119,85	119,52	120,09	120,82	120,96	120,39	119,66	118,94
Murcia	81,17	80,22	80,54	82,22	83,95	84,43	84,56	84,21	85,00
Navarra	109,35	109,06	110,22	111,71	112,89	113,00	110,87	109,72	108,54
País Vasco	116,78	116,04	116,47	115,39	115,52	116,70	115,31	116,27	117,14
Rioxa (A)	93,49	92,44	91,03	91,10	90,57	92,09	92,52	91,92	92,03
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

FONTE: Instituto Nacional de Estadística: *Indicadores Sociales* (2009).

Pode destacarse que en Galicia os custos salariais no ano 2000 se situaban nun 86,75% sobre a base 100 para a totalidade da economía española. Esta diferenza, en lugar de converxer a valores medios, ampliase: no ano 2008 o custo salarial medio dun traballador galego redúcese a un 85,03%.

Un feito máis transcendental aínda para a análise que nos ocupa é que os custos salariais en Madrid, en Cataluña ou no País Vasco son moi superiores á media (o caso de Madrid é o máis significativo, cunha diferenza de 20,24 puntos no ano 2000 e de 18,94 no ano 2008). A comparación cos destinos dos galegos contratados noutras rexións españolas analizados en apartados anteriores e os seus maiores salarios non deixa lugar a dúbidas: nalgúns casos, os maiores salarios alcanzan case un 40% máis que en Galicia, como no caso da Comunidade de Madrid. A existencia dunha excelente correlación entre destinos e maior custo salarial parece irrefutable.

A relación directa entre as condicións de traballo en destino e a maior emigración en orixe volve repetirse se o que se analiza son as tipoloxías dos contratos de traballo polo que respecta á súa duración, distinguindo os de carácter indefinido dos eventuais ou de carácter temporal. Na táboa 11 móstrase a comparación entre a relación entre contratos indefinidos sobre totais para as rexións españolas. Para facilitar a comparación tomouse como base o índice 100 para Galicia⁵.

Táboa 11.- Porcentaxe de contratos indefinidos con respecto á contratación total por principais comunidades autónomas de destino da emigración galega. Base Galicia=100 (2004-2009)

Comunidade autónoma	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Andalucía	47	49	53	53	48	45
Aragón	118	112	117	108	108	102
Asturias	96	90	102	92	95	94
Canarias	123	115	111	104	109	111
Castela e León	99	100	105	82	99	95
Cataluña	150	145	148	134	152	139
Galicia	100	100	100	100	100	100
Madrid	154	153	159	147	173	161
Navarra	111	99	100	93	97	83
País Vasco	83	80	84	76	78	78

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Instituto Nacional de Estadística: *Indicadores Sociales* (2009).


Como resultados máis destacados, cómpre incidir novamente en que as rexións ás que acoden máis galegos a traballar no período analizado nesta investigación

⁵ A contratación indefinida non é precisamente común en España. Segundo os datos do movemento laboral rexistrado (serie 1997-2009) do Instituto Nacional de Estadística no período 2004-2009, a media de contratos indefinidos en España sobre a totalidade dos contratos de traballo realizados é dun 10%, o que dá unha idea da precariedade do mercado de traballo español.

presentan un maior índice de contratación indefinida que Galicia. É o caso de Madrid, de Cataluña e de Canarias –con diferenzas máis acusadas nos dous primeiros casos–, que absorben máis dun 42% dos destinos dos traballadores galegos no resto de España.

Outra circunstancia que, sen dúbida, é condicionante para a decisión de emigrar ten relación directa coas xornadas de traballo que se realizan en orixe. Na gráfica 1 móstrase a comparación entre as porcentaxes de persoas que traballan máis de 50 horas á semana entre Galicia e España. Como pode constatare, durante toda a serie temporal, en Galicia as xornadas laborais de máis de 50 horas son sempre superiores que no Estado español, chegando a alcanzar no ano 2005 un 17,7% do total o número de traballadores que ten unha xornada maior de 50 horas á semana.

Gráfica 1.- Porcentaxe de persoas que traballan máis de 50 horas semanais. Comparación Galicia-España, 2001-2007



FONTE: Elaboración propia a partir de Instituto Nacional de Estadística: *Encuesta de Población Activa* (varios anos).

4.3.2. Métodos de acceso ao traballo e adecuación deste ás expectativas

Na táboa 12 preséntanse as porcentaxes relativas ás diversas maneiras en que a poboación galega declara ter accedido ao seu primeiro emprego.

Son varias as observacións que se poden facer a través desta análise. En primeiro termo, hai que constatar a absoluta ineficacia dos servizos públicos de emprego (non chega mais alá do 2,5% o acceso ao traballo por este sistema) e das empresas de traballo temporal (un exíguo 2% no mellor dos casos). Destacan dúas formas de acceso ao mercado: por un lado, o autoemprego (un 23,24% e un 20,52% nos anos 2001 e 2007, respectivamente); e por outro, o acceso a través de amizades, de familiares e doutros contactos (máis dun 32%). Dan unha idea estes breves apuntamentos sobre a precariedade e a falta de transparencia do mercado de traballo en Galicia.

Por último, non é menos significativo como condicionante á decisión de emigrar, o feito de se o traballo que se desenvolve ten relación coa formación recibida (táboa 13).

Táboa 12.- Porcentaxe de traballadores segundo o medio empregado para atopar o primeiro emprego, 2001-2007

Medio empregado	2001	2007
Solicitándoo ou contactando directamente	18,36	23,53
A través de medios de comunicación	3,01	3,69
A través dunha oficina de emprego pública	2,58	2,57
A través dunha axencia de colocación ou ETT	2,02	1,93
Por familiares, amizades ou outros contactos	32,48	32,86
Creando o seu propio negocio ou negocio familiar	23,24	20,52
Por medio de anuncios en publicacións oficiais	6,01	11,43
Por información do centro onde estudou	1,27	1,66
Por outros procedementos	11,04	1,80
TOTAL	100,00	100,00

FONTE: Instituto Galego de Estatística: *Enquisa de condicións de vida das familias* (2008).

Táboa 13.- Porcentaxe de persoas cuxo primeiro traballo tiña relación cos seus estudos. Galicia, 2004

	%
Total	26,64
Educación non superior	11,82
Educación superior	57,78

FONTE: Instituto Galego de Estatística: *Enquisa de condicións de vida das familias* (2004).

Os resultados da táboa 13 parecen non deixar lugar a dúbidas: só o 26,64% dos traballadores galegos sinalan que o seu traballo en Galicia se adecúa aos seus estudos previos; con outras palabras e en sentido inverso, no caso do 73% dos contratados o seu traballo non ten relación cos seus estudos. Os datos son máis adversos para aqueles que non adquiriron unha educación superior: só para un 11,82% ten relación coa súa formación o traballo conseguido. E por último, para aquelas persoas que alcanzaron un nivel formativo máis alto (educación superior), practicamente un 58% declara que estudos e traballo teñen relación, pero a lectura contraria é extremadamente significativa, porque determina que un 42% dos titulados superiores se coloca en situación de subemprego en Galicia.

4.4. ANÁLISE PARTICULARIZADA: A EXPULSIÓN DA MAN DE OBRA MÁIS FORMADA DE GALICIA

Da análise levada a cabo ata o momento, ademais dunha serie de conclusións provisionais que se poderían ir inferindo, hai un feito que merece unha reflexión máis detallada, pues debe destacarse que do total de traballadores galegos contratados noutras rexións españolas 39.581 resultaron ser titulados universitarios.

Podería parecer en termos relativos unha cifra exigua comparada coa totalidade dos emigrados no período considerado (un 12,56% do total), pero se se compara co número de persoas que remataron os seus períodos formativos superiores en Galicia nese mesmo período, resulta cando menos suficientemente expresiva: se o número de titulados anuais no sistema universitario galego é por termo medio dunhas 9.000 persoas por ano, pode concluírse que en termos netos a metade destes titulados marchou traballar fóra da Comunidade galega. Por outro lado, parece detectarse un altísimo nivel de subemprego neste colectivo no mercado interior. Ambos os dous feitos suxiren a importancia de afondar brevemente na análise da particular situación da man de obra máis formada nos termos en que se formulou esta investigación.

4.4.1. Destinos preferenciais

Na táboa 14 analízase o subconxunto de man de obra máis cualificada, desprazada a traballar ao resto de España cara ás rexións máis importantes. Pode constatare que Madrid resultou ser a comunidade con máis atractivo para os emigrantes, cun 39,27% do total (15.542 persoas), seguida de Cataluña (12,56%), Castela e León (5,90%), Andalucía (4,77%), Canarias (4,08%) e Asturias (3,81%). Entre esas seis comunidades absorben o 70% destes traballadores (máis de 28.000). A relación directa coas variables salarios superiores e, en menor medida, proximidade resulta evidente.

Táboa 14.- Titulados universitarios inscritos nas oficinas de emprego de Galicia contratados no resto de España segundo a comunidade autónoma de destino, 2003-2010

Comunidade autónoma	Total	%
Andalucía	1.889	4,77
Asturias	1.509	3,81
Castela e León	1.616	4,08
Cataluña	2.336	5,90
Madrid	4.972	12,56
País Vasco	15.542	39,27
Resto das comunidades	1.290	3,26
TOTAL	10.427	26,34

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

4.4.2. Perfís por idade e xénero

Os datos contidos na táboa 15 dan unha idea moi clara do perfil dos emigrantes galegos con estudos superiores ao resto de España. Por idades, o 52,31% do total son moi novos (29 anos ou menos), o que implica que practicamente aban-

donan Galicia unha vez concluída a súa formación máis da metade; e, así mesmo, un 41,16% ten entre os 30 e os 44 anos. Este perfil tan novo da poboación universitaria emigrante é tan explícito que só un escaso 6% do total supera os 45 anos.

A análise por xénero mostra algunhas cuestións de excepcional interese. Por un lado, ao contrario do que sucedía no conxunto total, onde a emigración era maioritariamente masculina, existe unha distribución practicamente igualitaria (un 51,56% de mulleres por un 48,44% de homes); e por outro lado, as mulleres galegas con titulacións universitarias tenden a emigrar a unha idade máis temperá que os homes: un 61% daquelas faino con 29 ou menos anos por un 52% dos homes nesa mesma idade.

Táboa 15.- Titulados universitarios inscritos nas oficinas de emprego de Galicia contratados no resto de España clasificados segundo sexo e idade, 2003-2010

Idade	Mulleres		Homes		Total	
	Total	%	Total	%	Total	%
≤ 29 anos	12.420	60,86	8.286	43,22	20.706	52,31
Entre 30 e 44 anos	7.482	36,66	8.810	45,95	16.292	41,16
Entre 45 e 54 anos	424	2,08	1.473	7,68	1.897	4,79
≥ 55 anos	82	0,40	604	3,15	686	1,73
TOTAL	20.408	100,00	19.173	100,00	39.581	100,00
%	51,56		48,44		100	

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional de Galicia (varios anos).

4.4.3. Análise cuantitativa: actividade, desemprego e estrutura empresarial

A análise particularizada deste conxunto de emigrantes galegos máis formados pode realizarse dunha forma *cuantitativa* a través dos datos que ofrece a *Encuesta de Población Activa* (EPA), que realiza periodicamente o INE⁶. Unha variable determinante da estrutura do mercado de traballo cualificado é a taxa de actividade tanto en Galicia como nas principais comunidades de destino (táboa 16).

Pode apreciarse que no período tratado a porcentaxe de titulados universitarios sobre a poboación activa total é máis alta en Madrid, País Vasco, Asturias e Castela e León que en Galicia, comunidades estas que absorben máis da metade da emigración galega cualificada. Como excepción, Andalucía e Canarias (ás que se dirixe un 9%) e Cataluña, con taxas de actividade parellas ás galegas.

⁶ É evidente que a EPA non proporciona información relevante sobre as situacións de subemprego e, por outra banda, a metodoloxía que lle é propia contempla a posibilidade de que se contabilicen traballadores galegos nas comunidades de destino, ao ser considerados con residencia temporal naquelas. En consecuencia, nas cifras de Galicia non se contabilizan as persoas que xa se atopan fóra da Comunidade.

A EPA ofrece tamén información sobre as taxas de paro deste colectivo. Así, na táboa 17 preséntase a información relativa ao período 2005-2010 para o mesmo conxunto de comunidades.

Táboa 16.- Porcentaxe de titulados universitarios sobre a poboación activa total en Galicia e nas principais comunidades autónomas de destino da emigración galega, 2005-2010

Comunidade autónoma	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Andalucía	25,75	26,13	26,55	26,68	27,06	27,66
Asturias	36,86	34,30	35,33	36,54	37,89	38,32
Canarias	26,85	25,41	26,62	25,31	25,38	25,60
Castela e León	31,80	32,41	33,09	33,79	34,08	34,83
Cataluña	32,39	31,90	31,25	31,57	32,40	33,00
Galicia	31,27	31,86	32,25	32,94	33,44	33,81
Madrid	38,40	38,09	40,51	40,20	39,74	42,29
País Vasco	47,09	47,61	47,74	47,00	49,03	49,22
Resto das comunidades	27,86	28,62	28,49	28,16	28,51	29,52
TOTAL	31,35	31,45	31,83	31,75	32,11	33,08

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Instituto Nacional de Estadística (2011a).

Táboa 17.- Taxa de desemprego de titulados universitarios en Galicia e nas principais comunidades autónomas de destino da emigración galega, 2005-2010

Comunidade autónoma	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Andalucía	9,01	8,49	7,88	10,04	14,27	15,72
Asturias	10,28	9,68	7,23	6,66	10,45	11,67
Canarias	8,02	7,62	7,90	8,53	13,67	16,59
Castela e León	8,90	7,21	5,91	6,90	8,78	9,91
Cataluña	4,56	3,98	4,06	4,71	7,85	9,98
Galicia	10,60	8,14	6,22	6,77	9,03	11,41
Madrid	5,16	4,95	3,88	5,03	7,26	9,29
País Vasco	5,89	5,75	4,51	4,16	7,34	7,28
Resto das comunidades	6,55	5,65	5,05	6,32	10,46	11,54
TOTAL	6,76	6,04	5,30	6,33	9,71	11,26

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos do Instituto Nacional de Estadística (2011a).

Dos datos reflectidos poden analizarse dous períodos. O primeiro vai ata o ano 2007 (ano de comezo da crise), no que as comunidades autónomas que máis emigrantes galegos reciben presentan unha taxa de paro para este colectivo inferior á galega, con excepcións moi puntuais. Cómpre destacar que no ano 2005 a totalidade das rexións que reciben emigrantes galegos teñen unha taxa deste paro cualificado menor que a galega, mentres que no ano 2006 o panorama é similar coa soa excepción de Andalucía, que supera lixeiramente a Galicia. No ano 2007, Asturias, Canarias e novamente a Comunidade andaluza presentan unha taxa lixeira-

mente superior á galega, manténdose o resto por baixo. O segundo período sería a partir do ano 2008 onde, como consecuencia da crise, a emigración interrexional galega comeza a descender leve pero paulatinamente (táboa 2). Esta situación coincide á vez cun aumento das taxas de desemprego nas comunidades de destino.

O fenómeno da relación entre ciclos económicos e emigracións interrexionais en España foi estudado por Recaño e Cabré (2003) nunha das escasas contribucións existentes sobre a materia. A través da análise das *Estadísticas de Variaciones Residenciales* do INE⁷ no período 1988-2001, estes autores chegan á conclusión de que a emigración interrexional dos novos está afectada polos ciclos económicos. Para o caso de Galicia sinalan que dentro do período considerado se acentúa a emigración nos ciclos expansivos e diminúe nas fases de contracción da economía.

Por último, unha variable que condiciona a contratación de persoal cualificado é, sen dúbida, a estrutura empresarial que conforma a demanda de traballo. Parece evidente inferir que nunha economía desenvolvida as unidades de produción máis demandantes deste tipo de emprego de calidade serán aquelas con características organizativas avanzadas. Na táboa 18 efectúase unha comparación entre a tipoloxía das empresas con actividade en Galicia e en España.

Táboa 18.- Número de empresas con actividade en Galicia segundo o estrato de asalariados, 2010

	España*	%	Acumulado	Galicia	%	Acumulado
Total	5.233	100,00		207.538	100,00	
Sen asalariados	2.092	39,98	39,98	126.160	60,79	60,79
Entre 1 e 2 asalariados	955	18,25	58,23	46.501	22,41	83,19
Entre 3 e 5 asalariados	649	12,40	70,63	18.509	8,92	92,11
Entre 6 e 9 asalariados	424	8,10	78,73	7.373	3,55	95,67
Entre 10 e 19 asalariados	393	7,51	86,24	4.991	2,40	98,07
Entre 20 e 49 asalariados	347	6,63	92,87	2.825	1,36	99,43
Entre 50 e 99 asalariados	170	3,25	96,12	750	0,36	99,79
Entre 100 e 249 asalariados	115	2,20	98,32	323	0,16	99,95
250 ou máis asalariados	88	1,68	100,00	106	0,05	100,00
*España: cifras en miles.						

FONTE: Instituto Galego de Estatística (2011).

Pode verse que na Comunidade galega opera case un 61% de unidades empresariais que non teñen ningún asalariado (un 40% en España). Se se amplía

⁷ A análise baseada nas *Estadísticas de Variaciones Residenciales* presenta unha diferenza metodolóxica notable coa que se utiliza nesta investigación, xa que recolle os movementos da poboación reflectidos nos rexistros dos padróns. Como se sinalou, debe terse en conta que a emigración por traballo non implica necesariamente o cambio de residencia para os efectos censuais, especialmente nos novos que non mudan de residencia, en principio, de forma definitiva. Porén, sendo diferente a metodoloxía, a serie temporal analizada polos autores ofrece conclusións de interese.

o intervalo ata os nove empregados, en Galicia chégase ata o 97% das empresas, por un 78,7% en España. As diferenzas de tamaño das empresas galegas con respecto ao Estado español son evidentes, e a súa estrutura tradicional, en xeral, non é a máis propicia para que lle dea cabida á oferta de traballo máis cualificada.

4.4.4. Expectativas e condicións de traballo: a perspectiva propia

Unha fonte de información indirecta e *cualitativa* sobre as circunstancias laborais dos universitarios galegos lévaa realizando durante varios períodos consecutivos a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Os estudos, denominados de *Inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia*, conteñen información moi valiosa para analizar as circunstancias do mercado laboral galego e as apreciacións e a experiencia dos propios interesados. Para realizar esta análise tivéronse en conta os resultados dos estudos de *Inserción laboral* (PIL) para diferentes períodos e coa mesma metodoloxía desde o ano 2001 ata o 2007 e que se atopan publicados no último deles (ACSUG, 2010).

A primeira das cuestións que pode destacarse é a xeneralizada tendencia dos universitarios galegos, unha vez finalizadas as súas respectivas carreiras, a preparar oposicións ou a continuar os seus estudos, cuestión que é maioritaria en todas as ondatas de enquisas desde o ano 2001 (táboa 19). Pouco máis dun 42% no caso máis favorable acceden ao mercado de traballo. Non cabe dúbida de que as condicións deste fan optar por alternativas máis seguras para, nun futuro, recuperar o custo de oportunidade perdido.

Daqueles titulados que traballan, advírtese unha importante presenza destes fóra de Galicia (táboa 20): un 10,5% da xeración analizada no período 2001-2003 está a traballar no resto de España, porcentaxe que alcanza o seu valor máximo entre os anos 2005 e 2006 (14,02%).

Reafírmase, unha vez máis, que as razóns de semellante proceder son consecuencia das deficiencias do mercado de traballo en Galicia. Segundo os datos que se presentan na táboa 21, máis dun 60% recoñece que marchou porque non atopaba traballo na Comunidade ou porque tiña mellores ofertas de traballo do exterior.

Táboa 19.- Porcentaxe de titulados universitarios galegos segundo a súa actitude ante o mercado de traballo ao finalizar os seus estudos

	PIL 2001-2003	PIL 2003-2005	PIL 2005-2006	PIL 2006-2007
Prepara oposicións	27,72	30,70	25,82	29,50
Continúa estudos	29,66	28,86	32,24	33,73
Traballa ou busca traballo	42,62	40,44	41,94	36,77
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ACSUG (2010).

Táboa 20.- Porcentaxe de titulados universitarios galegos segundo lugar de traballo. Datos porcentuais, 2003-2007

	PIL 2001-2003	PIL 2003-2005	PIL 2005-2006	PIL 2006-2007
Galicia	87,16	87,70	85,46	86,00
Resto de España	10,50	11,80	14,02	13,24
Resto de Europa	1,98	0,30	0,38	0,51
Resto do mundo	0,36	0,20	0,14	0,25
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ACSUG (2010).

Táboa 21.- Titulados universitarios galegos: razóns para emigrar

	PIL 2003-2005	PIL 2005-2006	PIL 2006-2007
Non atopar traballo en Galicia	32,80	29,64	36,84
Mellor oferta fóra	30,90	33,51	30,36
Razóns persoais	22,20	31,19	26,06
Outros	14,10	5,66	6,74
TOTAL	100,00	100,00	100,00

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos da ACSUG (2010).

Por último, dous indicadores serven para constatar as condicións de traballo dos titulados universitarios en Galicia.

O primeiro deses indicadores é o tipo de traballo que realizan e baixo que fórmula de contratación o fan. A partir do contido da táboa 22 pode verificarse que a opción de autoemprego non está moi estendida dentro do colectivo, xa que a porcentaxe de titulados que optan por esta opción se move entre o 6,85% entre os anos 2005 e 2006 e o 8,75% entre os anos 2006 e 2007. Unha cuestión que cómpre destacar é a porcentaxe de titulados que traballan por conta allea e que se encadran dentro da economía irregular: nalgúns períodos ata máis do 21% non está dado de alta e máis dun 4% non ten contrato de traballo. E dentro dos que contan con contrato, os datos non son máis que un reflexo da inestabilidade temporal: nalgún intervalo de tempo os contratos eventuais chegan a alcanzar o 49% e o uso dos contratos en prácticas e bolsas vai máis alá do 20%.

O segundo dos indicadores que determina a precariedade do mercado de traballo galego para os titulados universitarios e, en consecuencia, as súas posibilidades de emigrar transcríbese no salario medio mensual que perciben, como se pode ver na gráfica 2: durante o período 2001-2007 atópase no intervalo comprendido entre os 800 euros e os 1.000 euros en termos de salario real (cifras deflactadas polo Índice de Prezos ao Consumo).


Táboa 22.- Titulados universitarios galegos: tipoloxía de traballo e de contratos

	PIL 2001-2003	PIL 2003-2005	PIL 2005-2006	PIL 2006-2007
Conta propia	7,76	7,58	6,85	8,75
Conta allea	92,24	92,42	93,15	91,25
Subtotal	100,00	100,00	100,00	100,00

Táboa 22 (continuación).- Titulados universitarios galegos: tipoloxía de traballo e de contratos

	PIL 2001-2003	PIL 2003-2005	PIL 2005-2006	PIL 2006-2007
Dado de alta	88,84	86,95	78,39	82,93
Non dado de alta	11,16	13,05	21,61	17,07
<i>Subtotal</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>
Con contrato	95,62	96,10	97,28	96,24
Sen contrato	4,38	3,90	2,72	3,76
<i>Subtotal</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>
Indefinido	22,11	39,74	40,95	38,62
Eventual	49,02	37,50	40,23	34,98
En prácticas	13,20	9,95	10,65	10,15
Bolsa	7,58	2,44	2,45	2,66
Outros	8,09	10,37	5,72	13,59
<i>Subtotal</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>	<i>100,00</i>

FORNTE: Elaboración propia a partir dos datos da ACSUG (2010).

Gráfica 2.- Salario medio en euros dos titulados galegos que traballan en Galicia (serie en termos reais)

FORNTE: ACSUG (2010).

5. CONCLUSIÓNS

A investigación levada a cabo tiña como obxecto verificar axeitadamente se as hipóteses de partida poderían referendarse a través da análise pertinente dos datos manexados. A primeira conclusión é que esas hipóteses se verifican practicamente na súa totalidade, baseándose nos seguintes argumentos:

- O colectivo emigrante é moi novo. En efecto, un 47% ten 29 ou menos anos e un 39% ten unha idade comprendida entre os 30 e os 44 anos. Polo que se refire ao xénero e ás cifras totais, trátase dunha emigración predominantemente masculina (68,49%)
- Un 39% dos emigrados posúe bacharelato, un título de formación profesional ou estudos universitarios; e un 36,74%, cando menos, o ensino secundario

obligatorio. Preto dun 60% da man de obra que sae de Galicia é contratada para traballos cualificados.

- c) As comunidades de destino presentan unhas características moi determinantes para a decisión de emigrar: ou teñen salarios medios máis altos, están relativamente preto de Galicia ou teñen mellores indicadores de estabilidade laboral.
- d) Polo que respecta á comunidade de orixe, os salarios medios en Galicia son moi inferiores á media española, e as súas condicións de contratación e de xornada de traballo son máis precarias. Existe unha escasa transparencia e ineficacia dos servizos públicos de emprego no mercado laboral galego.
- e) Polo que se refire á man de obra máis cualificada (titulados universitarios), o proceso migratorio recrúase: no período analizado saen de Galicia 39.581 titulados universitarios con destino ás rexións con maiores salarios e oportunidades. O perfil deste subconxunto de emigrantes é distinto ao global: trátase de persoas moi novas e está moi equilibrado en xénero (é particularmente destacable a presenza de tituladas moi novas no proceso). A precariedade contractual dos titulados, o seu escaso estímulo salarial, a ausencia de emprego de calidade e a propia estrutura empresarial galega quedan constatados como outras das causas da expulsión desta man de obra cualificada cara a outras rexións. Este fenómeno, coñecido como *brain drain* (fuga de cerebros), debilita o potencial produtivo da rexión de orixe dos emigrantes (Conseil d'Analyse Économique, 2009).

En segundo termo, cómpre sinalar unha conclusión non menos importante: verificadas as hipóteses de partida, estas son expresivas de situacións nas economías de orixe de deficiencias estruturais graves no seu sistema produtivo. Coa excepción de fenómenos conxunturais, como é o caso da expansión do sector da construción, a constatación das hipóteses non vén determinar máis que iso: a economía galega é incapaz de absorber eficientemente o capital humano no que inviste; e de aí a terceira emigración.

Como se sinalou ao principio desta investigación, aínda que a mobilidade do factor traballo teña aspectos positivos nesta etapa de globalización económica, as consecuencias sobre as áreas exportadoras de man de obra –especialmente a altamente cualificada– son indicadores claros de ineficiencias nos seus sistemas produtivos interiores. Esta situación está perfectamente recollida no pensamento do filósofo e catedrático de Historia da Ciencia José Manuel Sánchez Ron, que nun artigo publicado nun xornal de ampla difusión sinala que: *“Si todo sigue igual, muchos de nuestros jóvenes más capaces terminarán sino en el paro, frustrados, limitados o contribuyendo permanentemente a la ciencia de otros países. Ya sé que así se contribuye, finalmente, al acervo científico común de la humanidad, pero egoísta como soy para con mi patria, querría que este fuera un hogar más propicio para la ciencia y, aún más, para su gente joven. Si a esta nueva emigración –forzosa también– se le llama «globalización», entonces: ¡«maldita globalización»!”* (Sánchez Ron, 2011).

Por último, e derivada das conclusións anteriores, é preciso facer unha reflexión sobre as consecuencias indirectas deste comportamento: unha das maiores preocupacións sobre o futuro da economía galega radica na súa extrema debilidade demográfica que se manifesta na súa baixísima taxa de natalidade e, pola contra, nunha taxa de mortalidade moi alta⁸. Baixo eses parámetros, todas as proxeccións advirten do extraordinario problema que no futuro se pode xerar en Galicia. Resulta evidente, polo tanto, que este fenómeno da nova emigración (non se debe esquecer, fundamentalmente nova) vén agravar aínda máis, se é posible, esas perspectivas nada prometedoras para a sustentabilidade da economía galega.

BIBLIOGRAFÍA

- AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (2010): *Estudo da inserción laboral no Sistema Universitario de Galicia*. Santiago de Compostela: ACSUG. <<http://www.acsug.es>>.
- CONSEIL D'ANALYSE ÉCONOMIQUE (2009): *Inmigration, qualifications et marché du travail. (Rapport Gilles Saint-Paul)*. Paris: La Documentation Française. <<http://www.cae.gouv.fr/IMG/pdf/084.pdf>>.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2004): *Enquisa de condicións de vida das familias*. Santiago de Compostela: IGE. <<http://ige.es/>>.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2008): *Enquisa de condicións de vida das familias*. Santiago de Compostela: IGE. <<http://ige.es/>>.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2011): *Explotación do directorio de empresas e de unidades locais*. Santiago de Compostela: IGE. <<http://ige.es/>>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2009): *Indicadores sociales*. Madrid: INE. <<http://www.ine.es/>>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2011A): *Encuesta de Población Activa (Serie 2005-2010)*. Madrid: INE. <<http://www.ine.es/>>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2011B): *Indicadores demográficos básicos*. Madrid: INE. <<http://www.ine.es/>>.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (varios anos): *Encuesta de Población Activa*. Madrid: INE. <<http://www.ine.es/>>.
- MCCONNELL, C.; BRUE, S.L.; MACPHERSON, D.A. (2003): *Economía laboral*. Madrid: McGraw-Hill.
- OBSERVATORIO OCUPACIONAL DE GALICIA (varios anos): *Informes de mobilidade laboral*. Santiago de Compostela: Observatorio Ocupacional de Galicia. <<http://emprego.xunta.es/cualificaciones/>>.
- RECAÑO VALVERDE, J.; CABRÉ PLA, A. (2003): "Migraciones interregionales y ciclos económicos en España", *Papeles de Geografía*, 37, pp. 179-197.
- SÁNCHEZ RON, J.M. (2011): "Juventud, maldito tesoro", *El País*, 19/02/2011.

⁸ Segundo os datos do Instituto Nacional de Estadística (INE, 2011b), a taxa bruta de natalidade en Galicia é de 8,07 nacementos por cada mil habitantes e a de mortalidade de 10,89 defuncións por cada mil habitantes. Estas alarmantes cifras só son superadas en España por Asturias.